




## Maio, o mes das Letras Galegas



Maio é un mes moi importante para a comunidade galega, xa que ademais de celebrar a festa dos maíos en moitas localidades da súa xeografía, como Ourense ou Pontedeume (A Coruña), tamén é o mes do Día das Letras Galegas, un 17 de maio que este ano conmemora a vida e obra de Xela Arias. Xela Arias Castaño foi unha poeta, tradutora, editora e profesora que naceu en Sarria (Lugo) en 1962. Cando naceu, inscribírona co nome de María de los Ángeles, mais en 1984 mudou o seu nome galeguizándoo por María dos Anxos, aínda que na casa sempre foi chamada Xela. Foi criada en galego e estudou no Instituto Castelao de Vigo, onde abandonou COU e comezou a traballar en Xerais como correctora de estilo e editora. Publicou en xornais e revistas, e formou parte do consello de redacción de *Viceversa*, revista galega de tradución. Xela tamén foi activista, pertencendo a *Greenpeace* ou estando presente nun recital en solidariedade cos afectados do *Prestige*. Ingresou na Asociación de Escritores da Lingua Galega e retomou os estudos facendo Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo. No 1992 casou co fotógrafo Xulio Gil co que tivo un fillo, Darío, ao que lle dedicou o libro *Darío a Diario*. Escribiu numerosos libros como *Tigres como cabalos* e traduciu obras do inglés, do italiano e do portugués. En 2003 finou en Vigo, deixándonos un legado poético digno de admirar.

No comedor, para celebrar o Día das Letras Galegas, teremos un menú especial cun prato tradicional ben delicioso e coma sempre, a finais de mes, contaremos co menú especial que seguro, gozaredes moito.

